

C . D . R .

P O R T A S A B E R T A S



M E M O R I A D E A C T I V I D A D E S 2 0 2 0



COOPERATIVA DE DESARROLLO DE LA COMUNIDAD
DE LOS ENCANTOS



A.R. Terra e Xardín

C E N T R O D E

D E S E N V O L V E M E N T O

R U R A L P O R T A S A B E R T A S



O Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas realiza a súa actividade no medio rural da Comarca de Verín: Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós.

- Dende Vilardevós, onde ten a súa sede, dirixe un programa Integral destinado á poboación do rural, intervindo con todos os sectores da poboación, un programa de atención urgente a persoas de especial necesidade, un programa de maiores e un programa de medio ambiente.
- Dende Verín, o Centro multiusos de Servicios Sociais para a conciliación o CDR Portas Abertas realiza multitud de actividades destinadas tamén a toda a poboación.

ENTIDADES FINANCIADORAS



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DI DE EMPLEO
Y SEGURIDAD SOCIAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y FORMACIÓN PROFESIONAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES
E IGUALDAD

POR SOLIDARIDAD
OTROS FINESES DE INTERÉS SOCIAL



Unión Europea

Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"



UNIÓN EUROPEA
FONDO DE ASILLO,
MIGRACIÓN E
INTEGRACIÓN



XUNTA
DE
GALICIA

galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado



PROGRAMA OPERATIVO DE INCLUSIÓN
SOCIAL Y ECONOMÍA SOCIAL
(POISES)
(CCI 2014ES05SFOP012)



FUNDACIÓN
Santiago Rey Fernández-Latorre



FUNDACIÓN
ESPAÑA

R E D E S C O A S Q U E
C O L A B O R A M O S E
E N T I D A D E S D A S
Q U E F O R M A M O S
P A R T E



IDENTIDADE

Misión :

A nosa misión é traballar coa comunidade rural en procesos de desenvolvemento integral e sostenible, en coordinación con outros axentes do territorio para tentarxerar mellores condicións de vida da poboación no seu medio.

Visión :

Contribuir á creación dun medio rural desenvolvido e sostenible, económica, social, cultural e humanamente.

Obxectivos :

- Encamiñar iniciativas e accións conxuntas coa administración e outras entidades para a promoción social, educativa e económica do medio rural.
- Traballar con colectivos especialmente desfavorecidos para propiciar un desenvolvemento personal e unha mellor calidade de vida.
- Impulsar o desenvolvemento de todos os membros da comunidade: infancia, xuventude, maiores, persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de exclusión social.



OS NOSOS FIÑS

Ser centro de iniciativas e accións conxuntas coas administracións, entidades e institucións, públicas e privadas, para promover a solución dos problemas da zona.

Ser lugar de encontro e de coordinación de institucións, grupos e persoas que traballan e están preocupadas polo medio rural e as súas específicas problemáticas.

Organizar cantas actividades sexan precisas para mellorar a formación e información en diversos campos: economía social, emprego, cooperativismo, asociacionismo, igualdade de oportunidades, necesidades de equipamento e asistenciais, rehabilitación do medio físico sociocultural, lúdicas e de potenciación da expresión e da comunicación, turismo rural, medio ambiente, voluntariado e complementariamente promoverase a práctica deportiva en xeral, etc.

Impulsar a educación, formación, información, ensinanza e cultura do medio rural en todos os seus aspectos epromover o desenvolvemento e progreso, económico e social do mesmo.



Promover a participación e o desenvolvemento de todos os membros da comunidade rural. Cooperar co desenvolvemento dos pobos definíndose esta Asociación, a todos os efectos, como Organización non Gobernamental.



Apoiar iniciativas a favor da revalorización humana, técnica e económica, da agricultura e da gandeiría; á vez que se promove a busca de novas actividades para un mellor aproveitamento dos recursos humanos e materiais.

Promover a sensibilización, captación, formación, apoio e coordinación do voluntariado social no medio rural ante as crecientes necesidades de intervención a favor de todos os sectores da poboación: potenciando as actividades devoluntariado e a integración das persoas voluntarias nos programas e estrutura organizativa do CDR Portas Abertas.

Prestar especial atención e apoio, a través de programas específicos, ós colectivos de persoas con discapacidade, persoas con unha enfermidade mental, menores en situación de conflito ou risco social, persoas maiores con problemas, persoas reclusas e exreclusas, persoas inmigrantes, minorías étnicas, persoas toxicómanas, mulleres maltratadas,familias desestruturadas... e outros colectivos en situación de exclusión social.

XUNTA DIRECTIVA

Presidente: Xosé Paz Paz

Coordinador Xeral: Digno González Diéguez

Secretario: Isaac Barreira Gallego

Tesoureira: Carlos Alonso Diéguez

Vogalías:

- José Luis Pérez García
- José Luis Vaz Fernández
- José Luis Mateo García
- Francisco González Fernández

EQUIPO TÉCNICO

Coordinadora de actividades- Traballadora Social: Tamara Balboa

Educadoras Sociais:

- Andrea Rodríguez.
- Jasmin Prieto.
- Laura Guerra.
- Ana López.

Orientadora Laboral: Lucía Aparicio.

Psicóloga: Montserrat Pérez.

Enxeñeirxs técnicxs agrícola:

- Beatriz Fernández.
- Ramón Lantes.

Monitor de xadrez: Sergio Crespo.

VOLUNTARIADO

O C.D.R Portas Abertas conta cun equipo de 34 voluntarios/as.

Algúns e algunhas deles/as colaboran nas actividades da entidade continuamente ó longo de todo o ano.

GRAZAS: Maritina, Mari Luz, Cristina, Manuel, Ana...

DIGNO GONZÁLEZ

O DINAMIZADOR E PAI DO C.D.R PORTAS ABERTAS



Digno González Diéguez naceu en Vilardevós (Ourense) no ano 1941, sendo o sexto de oito irmáns, ata os quince anos estudou nunha escola da aldea, despois marchou a Ourense a estudar no seminario menor e logo no maior, unha vez ordenado cura estudou maxisterio, e estudos en filosofía e letras, filoloxía francesa e tres cursos de socioloxía. Entre os anos 1970- 1977 foi profesor no colexio dos Maristas en Ourense, no ano 1977 chega a aldea de Arzádegos, no seu concello natal, para ser párroco de Florderrei, Arzádegos e Vilarello da Cota, onde comeza unha intensa labor de desenvolvemento comunitario que anos máis tarde dará lugar o Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas. Entre os anos 1981 e 1990 foi mestre de prescolar na casa na Comarca de Verín, proxecto orientado a acción educativa de nenos/as de 0 a 6 anos do medio rural galego e as súas familias, promovido por Cáritas de Galicia a través de Antonoi Gandoy e un grupo de mestres/as e xestionado por Cáritas de Lugo.

No ano 1998 en outubro visita Ecuador para coñecer de primeira man os proxectos da Diócesis de Ourense nese país, e o 26 de agosto do 1999 marcha como cooperante por catro anos. Instálase na Provincia de Manabí, no cantón de Jipijapa, para levar a cabo un traballo pastoral e colaborar na parte social nos proxectos da diocese: farmacia, oficina para a construción de casas para persoas que vivían baixo plásticos, atención sanitaria a través de catro médicos e unha enfermeira, un laboratorio de análise, albergue para acoller á persoas das aldeas que viñan a cidade e posteriormente no lanzamento de preescolar na casa.

O NACEMENTO DO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL PORTAS ABERTAS

En outubro do ano 1990 constitúese formalmente a entidade Centro de Desenvolvimento Rural Portas Abertas, cunha xunta directiva formada por catro homes e dúas mulleres de Florderrei e Arzádegos, baixo a coordinación de Digno e establece a súa sede na antiga escolar unitaria de Arzádegos.

Tendo como fins: coordinar a persoas e entidades preocupadas polo medio rural e as súas problemáticas específicas, realizar estudos e análises obxectivos da situación actual e futura do medio rural, impulsar a educación a ensinanza, e a cultura popular do medio rural en todos os aspectos e promover o progreso social e económico do mesmo, apoiar iniciativas a favor da revalorización humana, técnica e económica da agricultura e a gandería, promover a participación de todos os membros da comunidade na afirmación da súa identidade rural e organizar cantas actividades fosen precisas para mellorar a información e formación en diversos campos: cooperativismo, asociacionismo,... Froito do apoio ó asociacionismo nacerían algunas asociacións de Mulleres Rurais que se integraron na Federación Provincial de Mulleres Rurais (FEMURO).

Este mesmo ano nun encontro en Valladolid Digno recibe información do programa LEADER a cal trae para os alcaldes de Vilardevós e Castrelo do Val e comezase a formar un grupo de persoas para presentar este programa para canalizar as axudas da Unión Europea destinadas a programas de desarrollo rural na Comarca.

No ano 1991 nace COCEDER, a Confederación de Centros de Desenvolvemento Rural da que esta entidade é socio fundadora, e que a día de hoxe está integrada por 22 centros de Desenvolvemento Rural repartidos pola xeografía rural española e pola Federación de Colexios Familiares Rurais.

Pouco a pouco a entidade vai aumentando a súa oferta de actividades formativas destinadas a poboación do medio rural e relacionadas fundamentalmente co sector primario, de recuperación de oficios tradicionais, cestería, tear e traballo en barro, actividades de dinamización da vida social e cultural das aldeas, e actividades de educación compensatoria destinada a nenos/as do medio rural para que a exclusión territorial non supuña un merma das súas oportunidades educativas.





No ano 1997 comezou a participar no proxecto PROTERRA vinculado coa cultivo do castiñeiro, colaborando coa Universidade de Vigo Grupo de Recursos Naturales, Nutrición y Bromatología de la Universidad de Vigo (GRNNB), e no que participaron socios de Portugal e Italia, coordinando esta entidade os contactos con outros socios locais e cos produtores/as.

No avance das actividades sociais comezase cun programa de educación familiar en colaboración co Concello de Vilardevós e a medida que vai chegando poboación inmigrante a Comarca tamén se comeza a traballar no acollemento e inserción social deste colectivo.



Entre os fins da entidade está o de cooperar ó desenvolvemento dos pobos, prestando apoio nestes anos a proxectos de vivendas en Ecuador a través da estancia de Digno en Jipijapa e a través da Cooperativa L'Olivera, socia de COCEDER, a proxectos en Guatemala.

No ano 2007 a entidade deixa a aldea de Arzádegos para instalarse no Centro de Interpretación do Contrabando en Vilardevós, facilitando que as súas actividades cheguen a máis poboación, fundamentalmente aquelas de alfabetización dixital, e no ano 2012 abre o centro de servizos sociais destinado a toda a poboación da Comarca en Verín.

Durante este tempo entrou en contacto e estableceu alianzas con moitas outras entidades, fundacións... para avanzar e mellorar as actividades destinadas á tódolos colectivos de poboación. Dende o ano 2018 é membro da EAPN Galicia e socia fundadora de Terra e Xente, unha entidade que agrupa a outras tres asociación do medio rural galego cunha filosofía de traballo similar.





Actualmente a entidade conta cun equipo estable dunha traballadora social, tres educadoras, unha psicóloga e unha enxeñeira técnica agrícola, levando a cabo actividades de itinerarios integrados de inserción social laboral, envellecemento activo e apoio a persoas con demencia alzheimer e os/seus coidadores/as, acompañamento de persoas maiores que viven soas, actividades educativas e lúdicas con nenos/as, atención a situación de urgencia de persoas en situación ou risco de exclusión social en colaboración cos Servizos Sociais da Comarca, sensibilización e apoio á poboación inmigrante, obradoiros permanentes de atención a persoas con diversidade funcional, dinamización do entorno rural, formación para persoas en situación de desemprego e activos relacionada co sector primario, e unha actividade intensa de reivindicación dun medio rural habitado e habitable e tentando a busca de proxectos que abran as portas a oportunidades laborais sostibles na Comarca para mitigar a sangría poboacional.

MEMORIA ECONÓMICA

Ingresos :



Gastos:



UN 2020 MARCADO POLO COVID_19

O 14 de Marzo o Estado de Alarma, descoñecido ata entónces, chamou a porta da nosa Entidade para dicirnos que debíamos de pechar.

Que vai ser das persoas as que atendemos?

Como imos a facer para seguir apoianto as persoas participantes dos nosos programas?

A incertidumbre non puido paralizarnos. Buscamos canles de comunicación alternativos, saímos a rúa cando foi preciso, deixamos os nosos recursos cando fixo falta... e tentamos seguir o pé dos nenos e nenas, persoas de minorías étnicas, familias en vulnerabilidade, persoas con diversidade funcional, persoas maiores, persoas migrantes... Sen que sentisen a falta de apoio debido a situación de emergencia sanitaria.



PROGRAMAS

Integral



O programa integral de intervención no medio rural é o programa marco que rexe todas as nosas actuacións dirixidas a loitar contra a exclusión social e territorial e mediante o mesmo coordinamos todas as nosas intervencións. Tal e como o ven facendo dende os seus inicios no ano 1990, esta entidade intervirá no medio rural da Comarca de Verín (Ourense) dun xeito integral con todos os colectivos de poboación.

Persoas Maiores

Infancia

Persoas en Risco de Exclusión

Diversidade Funcional

Persoas Migrantes

Igualdade

Volver a Aldea

Voluntariado

POISES

Formación

Recuperación de saberes

Actividades varias non enmarcadas nos anteriores



P E R S O A S M A I O R E S

✿ Vou Contigo

Mediante este programa puidemos ofertar un servizo de acompañamento as persoas maiores que viven soas.


✿ Cos Meus

Mediante este programa levaremos a cabo terapias non farmacolóxicas para persoas afectadas por demencia ou alzheimer no medio rural, estimulación cognitiva e terapia ocupacional para rehabilitar e estimular os dominios deteriorados por estas enfermidades.

✿ Aldeas Activas

Mediante este programa fomentamos o dinamismo da vida das persoas maiores nas aldeas, traballando na estimulación cognitiva, na mellora da psicomotricidade, fomentando as súas relacións sociais, o mantemento das súas habilidades e a prevención da dependencia.





Recuperación de Saberes

Recuperar os saberes tradicionais como o bo facer dos nosos maiores, atopar respuestas nestes ós grandes retos ambientais ós que se enfrentan as sociedades actuais de forma que se poidan orquestrar respuestas dende unha perspectiva sostenible.

Fundación Espadaña Fundación Santander

A maiores do apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, grazas á financiación de estas dúas Fundacións poidemos seguir dando cobertura as nosas persoas maiores, tanto en persoal como en recursos físicos.



INFANCIA

❖ O Noso Espazo

Programa que promove o desenvolvemento educativo e sociofamiliar da infancia. Dáuselle cobertura a familias nas zonas de intervención, especialmente con aquellas que se atoparon en especial vulnerabilidade.

❖ Conciliación

Actividades de atención asistencial e socio-educativa á nenos e nenas do medio rural facilitando a conciliación familiar, persoal e laboral das persoas que integran o núcleo familiar.



PERSONAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Programa de Urgencia

O programa de urgencia está enmarcado dentro das actividades que a ONG destina a mellorar a calidade de vida dos usuarios que non teñen recursos económicos suficientes para fazer fronte aos gastos da súa vida diaria.

Deputación de Ourense

A maiores do apoio da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, este ano, debido a situación de pandemia na que as persoas nos vimos inmersas, a Deputación de Ourense dotou a entidade de recursos económicos para apoiar as persoas que se atoparon en vulnerabilidade pola crise xerada pola COVID-19.



INGRESO MÍNIMO VITAL

- QUEN PODE SOLICITALO?
- CANDO SE PODE SOLICITAR E COMO SE EFECTÚA O COBRO?
- ONDE SE SOLICITA?

O C.D.R. PORTAS ABERTAS INFORMARÁ A TODAS AQUELAS PERSOAS INTERESADAS EN ESTA NOVA MEDIDA QUE AXUDARÁ A ERRADICAR A POBREZA.

CITA PREVIA : 988989508

AGRADECENOS QUE CHAMedes DE MAÑÁ.



CAPACIDADE RURAL

Programa de Capacidade Rural

Este Programa foi dirixido a poboación con diversidade funcional e as súas familias asentadas nos concellos da comarca de Verín. O principal factor polo que pensamos en desenvolver este Programa é a falta de recursos e de oportunidades que teñen as persoas con diversidade funcional do noso entorno.







PERSONAS MIGRANTES



Galicia Acolledora

Mediante este programa traballamos coa poboación inmigrante da Comarca de Verín, non só na formación do idioma, xa que contamos con actividades específicas para elo, senón noutros aspectos da sociedade de acollida e para a mellora da súa situación socio-familiar.




F.A.M.I.


Este Programa esta encamiñado as persoas inmigrantes derivadas dende SS.SS, Servizos de inserción sociolaboral da comarca ou C.I.M., perceptores de RISGA e prioritariamente mulleres soas con menores a cargo. Acompañamos no proceso de aprendizaxe do idioma, facilitar a achega de recursos, ofrecer información e asesoramento...



Inclusión Social



As actuacións realizadas están intrínsecamente relacionadas co dereito a educación. A alfabetización dixital, o aprendizaxe do idioma... fan que as persoas poidan participar plenamente na sociedade na que vivimos e mellorar a calidade dos medios de subsistencia. A alfabetización fai que as persoas participen no mercado laboral, é un medio de comprensión e comunicación co mundo. A alfabetización empodera a todas aquelas persoas que a manexan.



IGUALDADE

En todas as actividades que se fixeron pretendemos fomentar a creación dun mundo máis xusto e equilibrado, onde as mulleres e os homes poidan gozar das mesmas oportunidades, e onde as vícimas de violencia de xénero se sintan apoiadas e reforzadas na súa autoestima e empoderamento por toda a sociedade.



HAI PANDEMIAS QUE LEVAN AÍ
TODA A VIDA

VIRUS VX

VIRUS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- Sintomatoloxía
Depresión. Iltiasego. Señideade. Vergüenza. Feridas internas e externas. Bagañas...
- Vítimas contaxiadas en España desde 2007
1.114.560
- Índice de mortalidade
Elevenelitas
- Inmunitade
Ninguna muller logra inmunitade
- Virus en expansión incontrolada
Mais de 2000 asesinatos
- Educación en igualdade e tolerancia 0
- Poboción diaria
Mulleres e os seus familiares





VOLVER A ALDEA

Neste Programa tentamos sensibilizar e concienciar sobre a despoboación e a necesidade de emprendemento do medio rural.

Mediante este proxecto dinamizamos la PLATAFORMA VOLVER AL PUEBLO, gestionando casas, tierras y negocios.

Creamos dúas campañas de sensibilización nas que chamamos as persoas a compartir e a dar coñecer este banco de casas, terras e negocios.



VOLUNTARIADO

Xuvenil

• Posibilitar a realización de actividades con nenos/as, familias e persoas en situación ou risco de exclusión social do medio rural a través da labor voluntaria, facilitándolle as ferramentas necesarias para as mesmas.

Medioambiental

Mediante este programa lévanse a cabo actividades de formación e sensibilización do voluntariado ambiental dirixidas a toda a poboación da Comarca de Verín, prestando especial atención os/as nenos/as e mozos/as dos centros educativos da Comarca. Para elo lévanse a cabo diversos obradoiros: de aforro de enerxía, consumo responsable de auga, eliminación do emprego do plástico na nosa vida cotiá, xestión e reciclaxe de residuos, prevención de incendios, recuperación de variedades locais a través das hortas escolares,... como un proxecto de aprendizaxe servizo, para que sexan os/as mozos/as os/as que apliquen e repliquen o aprendido nas súas aldeas e fogares. Así mesmo, lévanse a cabo campañas de sensibilización e charlas a nivel comarcal: aforro enerxético, emprego responsable de fitosanitarios e alternativas ecolóxicas, contaminación de augas....



POISES

ITINERARIOS INTEGRADOS CONTRA A DESPOBOACIÓN

En febreiro de 2020 comezamos o programa ITINERARIOS INTEGRADOS CONTRA A DESPOBOACIÓN NA COMARCA DE VERÍN. Este programa, realizase en outras oito comunidades autónomas máis onde Coceder, entidade que xestiona o programa ten presencia a través dos distintos CDR's

Realizamos tres tipos de actividades: orientación laboral, acompañamento á inserción e formación, nas que participaron 37 persoas en total, de perfiles moi diversos: persoas desempregadas, persoas empregadas e persoas de todos os grupos de idade.

Todas as persoas que participaron melloraron a súa empregabilidade, definido o seu obxectivo profesional, establecendo plans individualizados de mellora, desenvolvendo competencias relacionadas co acceso ó traballo, co uso da ofimática e internet, tanto na súa busca de emprego como para aplicar a tecnoloxía no entorno laboral.

Transversalmente todas as persoas recibiron formación en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e sensibilización medioambiental.

Foi un ano marcado pola atención e a formación en formato semipresencial, polo que todas as ferramentas de teletraballo foron protagonistas e aliadas na mellora das competencias dixitais.

O Programa Operativo de Inclusión Social y Economía Social" (POISES), é cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE invierte en tu futuro) con cargo ó programa operativo do mesmo nome, pertencente ó F.S.E. 2014-2020 (FSE 2014ES05SFOP012).



FORMACIÓN

Traballamos no fomento do autoemprego no sector primario e prestamos orientación individualizada, ante a imposibilidade de realizar actividades grupais presenciais, excepto unha acción formativa realizada no mes de marzo "O castiñeiro un sistema productivo respetuoso co medio ambiente" e unha xornada sobre o deseño das plantacións para o castiñeiro de froito en colaboración coa IXP Castaña de Galicia durante mes de outubro en Vilardevós.

 XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 CONSELLERÍA DE CULTURA E BENESTAR SOCIAL
 CONSELLERÍA DE DESENVOLVIMENTO ECONÓMICO E DA INDUSTRIA

**"O CASTIÑEIRO DE FROITO:
PLANIFICACIÓN E DESEÑO DAS
PLANTACIÓNNS"**



 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DATA: XOVES, 15 DE OUTUBRO DE 2020 ÁS 17:00 horas
LUGAR: Centro de Interpretación do Contrabando
Rúa Xacinto Santiago, 23 - 32619 VILARDEVÓS (Ou)
INSCRICIÓN: GRATUITA.
Descargar folla de inscrición no enlace da web da Consellería do Medio Rural
https://mediorural.xunta.gal/c/temas/formacion/formation_continua/plan_de_formacion_2020
Cubrir o formulario e enviar a: info@castanadegalicia.org

Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demonstración e de información ao agro galego 2020. Cofinanciados co 75% FEADER PRONOVE. Consellería do Medio Rural, Asercia Galega da Calidade Alimentaria (Agusal). Departamento de Investigación e Transferencia

 XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL




ACTIVIDADES VARIAS NON ENMARCADAS NAS ANTERIORES


LUZ PARA TODOS

LUZPARATODOS

É un programa impulsado pola Cooperativa Catalana L'Olivera no que colaboramos nun aval mancomunado para impulsar a creación de proxectos de xeración de enerxía eléctrica mediante a construción de pequenas centrais hidroeléctricas comunitarias. As cales serán xestionadas polas mesmas comunidades onde se establezan. O obxectivo do programa é proporcionar un servizo digno, mediambientalmente sostenible e economicamente accesible para todos os habitantes de comunidades illadas da rexión occidental de Guatemala.

SENSIBILIZACIÓN EN REDES





COMO PODEMOS EDUCAR EN IGUALDADE?

COMO É UNHA FAMILIA QUE EDUCU Ó EN IGUALDADE?

- As tarefas do hogar repartíronse por igual entre homes e mulleres.
- As mulleres e os homes leñan o mesmo tempo para facer coxas.
- Pei e noi implicámonos na cría das filhas e fillos, en todas as áreas.
- As mulleres e os homes dedican o mesmo tempo para descansar e facer coxas que lies guitan.
- Filhas e fillos son libres para expresar os seus sentimientos e non sújiquense por ellos.
- Permiten a disposición xoguetes de ambos sexos, sen ser condicionados polo seu tipo.
- Ofercen actividades deportivas e de ocio que non sean condicionadas polo seu tipo, sen que sean discriminatorias.
- Elabórase un pensamento crítico en base ao uso de xoguetes, publicidade en serial, roles sexistas, estereotipos, moda,...
- Non se permite que se aplique o concepto de amor basado no respeito, na tolerancia, a liberdade, a igualdade e a confianza.
- Nos díos permiten actividades machistas.

O deporte na infancia debe ser participativo e non discriminatorio, saudable e divertido, e non debe de escollese condicionando en función do sexo.

5 CON PENSAMENTO CRÍTICO

Debenos sobre todo fomentar a súa creatividade, a curiosidade e a vontade de explorar a súas emocións de forma libre e non dividir as emocións en bases másas, sempre considerando a expresión de dende sena necesaria e conxuntivo de todo adecuado.

7 CON FORMACIÓN AFECTIVO-SEXUAL

Mais info en:
Pobreza.gal/Coronavirus
cdportasabertas.org

I COEDUCANDO

Educar tendo en conta todos os aspectos que se consideran positivos e necesarios para a formación dunha persoa ao máis alto nivel posible.

2 CORESPONSABILIZANDO

Explícarterse o valor de compartir labores domésticas e educando a confiar en si mesmos, entendendo que é necesario asumir responsabilidades, establecendo normas claras e con lingüaxe positiva. Deverán espazo e tempo para que desenvolvan o seu sentido de responsabilidade.

3 NON APPLICANDO SEXISMO AOS XOGUETES

Non forzar a xogar cuns determinados xoguetes. Que sexan os propios nenos e nenas os/as que escollan. Escoller libros que reflectan a sociedade actual e non a da fin do 20º.

4 ELIMINANDO ESTEREOTIPOS EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Debenos fomentar o amor polo coñecemento, axudándoles a comprender o mundo, as causas das cousas e os efectos das nosas accións. Non debemos negar a existencia de valores fundamentais e desexándolos, na medida do posible, unha certa autonomía nas actividades diarias.

5 EDUCANDO EMOCIONALMENTE

A sexualidade forma parte da nosa vida desde que nacemos ata que morremos. Hai que falar de sexualidade con naturalidade sempre adaptándonos á idade do neno ou nena, sempre respetando o autocoidado, e o respeito cara o noso corpo e cara o corpo dos demás.



Taller Online:
Estrategias para
Luchar contra la
Pobreza en el
Medio Rural

VIERNES, 19 DE JUNIO DE 2020
DE 9:30 A 10:30
SALA DE VIDEOCONFERENCIA ZOOM

ORGANIZA: EA PN
COLABORA: EA PN Castilla La Mancha
SUBVENCIONA: Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha

LUNS, 9 DE MARZO
PRAZA DO CONCELLO DE VÉRIN
LECTURA DE MANIFESTO E PERFORMANCE
12:30H

8M
Día Internacional da Muller

Feminismo e igualdade
para avançar

CIPN, Cruz Vermella, Consellos Municipais, Logos de concellos

El 3 de octubre de 2020 a las 12:00 h.
Frente al consultorio de tu municipio.

REVUELTA
de la España VACIADA

#YoParoPorMiPueblo

SANIDAD PÚBLICA

#SanidadPublicaDigna

COADERA

www.yoparopormipueblo.es

NO 2020 MÁIS QUE NUNCA...

FELIZ DÍA DA MULLER RURAL!

POR TODAS AS MULLERES FORTES, VALENTES E LOITADORAS

CONcello de VéRIN

Instituto Social da Xunta de Galicia, Presidencia, Administracións Municipais e Xuntas de Freguesia de VéRIN, a través do seu Instituto de Desenvolvemento e Cooperación de Desenvolvemento Social para finais de coñecementos sociais destinados a promover os bens comunitarios e o desenvolvemento social e económico das nosas comunidades, organiza unha programación de actividades para celebrar o Día da Muller Rural.



GRAZAS

CDR Portas Abertas:

Oficinas

- R/ Xacinto Santiago Nº 23; 32616
Vilardevós, 988 4172 32
- R/ Mariano Carrero Nº 10; 32600
Verin, 988 98 95 08

Correo electrónico: rural@crportasabertas.org

Web: <http://www cdrportasabertas.org/>

Facebook: Portas Abertas - centro de desenvolvimento rural

Twitter: @CDR_Portabertas

COCEDER:

Oficina

- R/Fuente el Sol Nº2 entepta 47009
Valladolid 983371279

Fax: 983201864

Web: www.coceder.org

Correo electrónico: info@coceder.org

Facebook: COCEDER

Twitter: @COCEDER

